



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 367

IX lexislatura

4 de novembro de 2014

Fascículo 1

## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

#### Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei medidas fiscais e administrativas

1 emenda formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 29637). [84600](#)

1 emenda formulada polo G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 29627). [84602](#)

1 emenda formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 29638). [84606](#)

### 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

#### 1.5.4. De ámbito europeo

##### 1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 30 de outubro de 2014, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta do Consello relativa ao réxime do imposto do “arbitrio insular” nas rexións ultraperiféricas francesas [COM(2014) 666 final] [2014/0308(CNS)] [COM(2014) 666 final/2 Anexo]

-09/UECS-000191 (29617)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta do Consello relativa ao réxime do imposto do “arbitrio insular” nas rexións ultraperiféricas francesas [COM(2014) 666 final] [2014/0308(CNS)] [COM(2014) 666 final/2 Anexo] [84612](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

#### Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 3 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 29229).

Examinados os escritos presentados e, dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade:

1 emenda formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 29637).

1 emenda formulada polo G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 29627).

1 emenda formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 29638).

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2014.

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta

## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 30 de outubro de 2014, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta do Consello relativa ao réxime do imposto do “arbitrio insular” nas rexións ultraperiféricas francesas [COM(2014) 666 final] [2014/0308(CNS)] [COM(2014) 666 final/2 Anexo]

-09/UECS-000191 (29617)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta do Consello relativa ao réxime do imposto do “arbitrio insular” nas rexións ultraperiféricas francesas [COM(2014) 666 final] [2014/0308(CNS)] [COM(2014) 666 final/2 Anexo]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 29617, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta do Consello relativa ao réxime do imposto do “arbitrio insular” nas rexións ultraperiféricas francesas [COM(2014) 666 final] [2014/0308(CNS)] [COM(2014) 666 final/2 Anexo].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladarlles o referido escrito á Comisión de Asuntos Europeos e aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de

acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2014

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 29229), con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

- Constitúe unha extensa amalgama de preceptos inconexos e sen criterio homoxéneo, que resulta contraria á necesaria transparencia, quebrando o principio de seguridade xurídica.
- Utiliza unha técnica lexislativa impropia e desaxustada, que se pensaba xa superada, sendo mostra do retroceso democrático no que está instalado o actual Goberno autonómico.
- Imposibilita poder afondar en diversas cuestións, ao estar supeditadas á Lei orzamentaria e ser tramitadas polo procedemento de urxencia, co detrimento da calidade política e xurídica que provoca.
- Constata unha ausencia dos informes necesarios por parte mesmo das distintas consellarías, ao respecto da xustificación das modificacións propostas ou das cuestións que lles compete.
- Non consta o preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia, cando claramente o proxecto contempla normas que inciden na vinculación co desenvolvemento económico de Galicia; e como evidencia que, nalgún caso, a Lei cuxo contido agora se pretende modificar, contou no momento previo da súa aprobación, con tal ditame.



## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- Diversas normas que se inclúen non contaron, tal e como indica a normativa vixente, ca valoración e informe previo por parte dos diversos consellos sociais de participación, en materias tales como transporte, educación, servizos sociais, etc., Incluso nalgúns dos preceptos propostos nin tan sequera foron valorados polas propias institucións afectadas.
- Non se someteu ao exame preliminar por parte dos concellos ou da súa federación representativa cando, claramente, nalgúns ámbitos decisivos terá unha incidencia notable.
- Modifica leis en vigor sen ningunha xustificación ou clarificación, xa que os preceptos propostos non teñen incidencia directa cos gastos e ingresos da Administración autonómica, existindo materias que claramente deben ser obxecto dun tratamento específico e diferenciado, requirindo ser tramitadas, polo tanto, dun xeito separado.
- O informe realizado ao respecto pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, abórdase sobre a base dun anteproxecto que sofre modificacións posteriores, polo que existen dúbidas sobre a legalidade dalgún dos seus preceptos.

Pazo do Parlamento, 30 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**José Luís Méndez Romeu na data 30/10/2014 17:38:16**

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, a iniciativa do súa deputada Yolanda Díaz Pérez, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, polos seguintes motivos:**

Comparte Alternativa Galega da Esquerda a valoración crítica das chamadas leis ómnibus, verdadeiros caixóns de sastre que desvalorizan a función parlamentar e adoitan servir para recortar dereitos da cidadanía. Nas verbas do xa desaparecido profesor e académico Eduardo García de Enterría:

*“Hai que dicir que bastantes das obxeccións que o Tribunal Constitucional puso á práctica anterior de legislar ao través da lei de orzamentos resultan aplicables a esta técnica alternativa das leis de acompañamento e... a obxección básica relativa ás limitacións con que se tramitan no procedemento legislativo, excluindo a intervención das comisións das cámaras competentes por razón de materia. Semella completamente insoportable esta técnica de legislar en bloque, asistemáticamente sen motivación algunha visible (...) simple froito aparente do arbitrio e non da razón legislativa, que parece que é o que debían manifestarse no debate das Cámaras segundo a teoría democrática.”*

Abondan as críticas que os diversos Consellos Económicos e Sociais desenvolveron respecto deste desafortunado e interesado instrumento legislativo. Vala o exemplo do Consello Económico e Social de Galicia que no seu ditame 8/11 sobre o anteproxecto de lei de medias fiscais e administrativas sinalaba nas consideracións xerais cosas do seguinte teor:

- *“(...) inadecuada a técnica legislativa que se traza con este anteproxecto e os problemas que suscita o uso dunha lei que regula unha profusión de materias distintas, provocando inseguridade xurídica ao incrementar a dispersión das normas reguladoras, o que dificulta a súa localización e entendemento por parte das persoas obrigadas por elas. Ao mesmo tempo, dificultaselle a este Consello a realización dunha avaliación global do texto obxecto de Ditame.”*

- *“(...) resaltar que o vencellamento político deste anteproxecto coa lei de orzamentos de Galicia para 2012, obriga ao trámite polo procedemento de urxencia, cando unha parte considerable das disposicións recolidas no mesmo semella non requerilo.”*

Esta norma que a mala praxe parlamentar do PP recupera abunda polo tanto na falla de respecto ao principio de seguridade xurídica dado que se provoca con ela unha acumulación de materias regulamentadas, a inconexión e disparidade entre as mesmas, e as frecuentes reformas en todos os sectores do ordenamento. Como consecuencia este grupo parlamentar considera que esta lei incorre nunha inadecuada técnica xurídica outrosí de infrinxir o principio constitucional da seguridade xurídica. Este proxecto de lei que achega o goberno modifica nada menos que as seguintes normas legais:

- Lei 1271995 do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica.
- Lei 6/2003 do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras.
- Lei 5/2011 do 30 de setembro, do patrimonio de Galicia.
- Lei 5/2007 do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Lei 5/2004 do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio.
- Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo.
- Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.
- Lei 13/2008 do 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia.
- Lei 14/013 do 26 de decembro, de racionalización do sector público.
- Lei 2/2011 do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Decreto 277/2000 do 9 de novembro, que designa os órganos competentes en materia de control de riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.
- Decreto 20/2011 do 10 de febreiro, que aproba definitivamente o plan de ordenación do litoral.

Por último que non menor, esta lei deixa entrever, nos seus contidos e no seu modo de tramitación, o exercicio lobista de grupos de presión que buscan obter réditos en contra do interese xeral da sociedade galega e así se desprende dunha somera análise das inconexas materias que abrangue.

Un dos eidos que modifica o proxecto de lei ten que ver coa fiscalidade, espazo privilexiado do paquete contrarreformista que supoñen as políticas do PP. Así o artigo 1º do proxecto pasea a obsesión que levou ao anterior ministro de xustiza a soste un

proxecto de lei contra os dereitos das mulleres á saúde sexual e reprodutiva. O PP vai contar nas familias numerosas aos nasciturus. Doutra banda, o proxecto redescobre o chamado cheque-bebé do goberno Zapatero para reintroducilo na norma. Ignorando, porque lle sae máis a conta, de dereitas claro está, xogar cos números e achegar pequenas axudas que desenvolver unha ampla política de servizos públicos, que abrangan dende as escolas infantís públicas con prazas suficientes ate os equipamentos públicos en materia de benestar e dependencia, pasando pola reversión da paupérrima política de conciliación da vida laboral e familiar.

Unha das modificacións da fiscalidade propia é o imposto compensatorio ambiental mineiro, que ocupa o capítulo III do título I, e que fora anunciado polo goberno cunhas condicións desmentidas no articulado do texto. O tributo ía determinarse en función dos ingresos ou beneficios para convertelo agora en hectáreas ou fraccións de superficie alteradas ou polo volumen dos residuos. Supoñemos que se trata de abaratarlle as empresas mineiras amigas o custo de devastar a nosa terra e recursos naturais.

Logo nas numerosas modificacións contidas no título II sobre medidas administrativas acértase a ver tanto improvisación canto obediencia a favor de intereses económicos concretos e vontade de continuar a recortar as febles prestacións sociais que preservamos do furor economicista neoliberal da Xunta. Así o artigo 33 autoriza a apertura de novas instalacións de casinos de xogo favorecendo ás empresas que na actualidade xa ostentan as licenzas desta actividade.

Na onda de procurar facilidades ás grandes superficies comerciais suprímese a esixencia contida na lei de comercio interior de Galicia da implementación de diversas medidas tendentes a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar, como son as escolas infantís, ludotecas ou salas de lactación. Outrosí decaen as actuacións que avaliaban o impacto en materia de emprego e as referidas a conquistar emprego estable e as ráteos de empregadas e empregados por unidade de superficie.

Altérase a lei de minairía para despojar aos concellos da forza da emisión do seu informe.

O afortalecemento dos dereitos da nosa cidadanía en materia de servizos sociais afírmase no capítulo X cando o goberno introduce o silencio administrativo negativo, o que libera á Xunta de responder e obriga á cidadanía a recorrer. Coma sempre as medidas se elaboran e redactan pensando na cidadanía... ao modo de Fabra.



A espada de Damocles dos recortes insinúase tras o artigo 85 sobre a racionalización do transporte escolar en atención ao sagrado mantra da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

E nas disposicións adicionais téimase en recortar dereitos das traballadoras e traballadores nos casos de incapacidade temporal por enfermidade común (DA IV) ou a quinta, referida ao agasallo que se lle fai á concesionaria da autovía da Costa da Morte.

O proxecto de lei descoida a nosa seguridade coa supresión – referida na heteroxénea disposición derogatoria única- dos artigos 2-3 do decreto 277/2000, que supón eliminar o catálogo de obrigas da consellaría de política territorial en orde ao control e prevención dos riscos provocados nas instalacións susceptibles de empregar substancias perigosas. E coa supresión das subalíneas 4-5 do artigo 102 do decreto 20/2011 atinxente ao procedemento para a adaptación dos solos que ate agora requería informe sectorial do departamento correspondente e documentación do propio concello.

O tallante rexeitamento ao capítulo XII, atinxente á disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira en tanto que clave de bóveda dunha política neoliberal que supón sangue, suor e bágoas para a maioría social deste país.

Son a suma destas razóns as que levan a Alternativa Galega da Esquerda a solicitar a devolución do proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

En Compostela, a 30 de outubro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 30/10/2014 14:23:15**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, doc. núm. **29229, (09/PL-000021)**, polos seguintes motivos:

O Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas corrobora o papel do Goberno galego de ser o executor necesario das políticas antisociais e regresivas do Goberno central.

Malia os reiterados esforzos por parte do Presidente da Xunta de Galiza, Sr. Núñez Feijoo, por separarse e distinguirse da acción de Goberno do Partido Popular en Madrid, esta iniciativa legislativa certifica o seu rol de colaborador imprescindible para que as políticas impostas desde Madrid teñan unha aplicación efectiva en Galiza. Estamos, polo tanto, ante un Goberno galego que actúa como delegación do Goberno central en Galiza, devaluando o seu papel a mero replicante das políticas centrais. Dese xeito, o proceso de centralización política, que retira competencias e capacidade de decisión a Galiza, que impón desde unha visión exclusivamente centrada nos intereses de Madrid políticas nefastas para a nosa nación, atopa en Galiza -no canto dun dique que se enfrente a esa concentración que anula o noso autogoberno e impide calquera avance cara a soberanía de Galiza- un fiel aliado que asegura a estratexia recentralizadora.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Á vista das medidas incluídas no Proxecto de lei, é totalmente inconsistente calquera apelación á separación entre as políticas do Goberno galego e o central. En realidade, non só parten do mesmo patrón ideolóxico, senón que se concretan dun xeito mimético, convertendo ás institucións galegas en eco de resonancia do programa de Goberno de Madrid, que calca, unha tras outra, as medidas antisociais e regresivas adoptadas no Consello de Ministros presidido por Rajoy.

Tamén nas formas, o Goberno galego vaise asemellando ao Goberno central. O reiterado e abusivo recurso a medidas lexislativas urxentes, ten agora un correlato en Galiza, pois en parte esta norma, tamén adoptada en base a un procedemento excepcional e urxente, o que fai é reproducir no ámbito das competencias galegas moitas das normas básicas que foron aprobadas en sucesivas e improvisadas normas lexislativas estatais. Velaí outra comprobación de Goberno submisivo e compracente, xa que en vez de combater e impugnar esa forma de legislar a golpe de Real Decreto, sen consulta previa sequera con Gobernos de institucións autonómicas que tamén comparten competencias, apresúrase a asumir esas medidas lexislativas e articular un procedemento excepcional para que teñan garantida a súa aplicación en Galiza a través da normativa propia.

A maior parte do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas responde a este espírito de submisión e aceptación da política ditada polo Goberno central, adaptando mesmo regulacións claramente prexudiciais para Galiza:

- No eido do turismo, desenvólvese a regulación de uso turístico de vivendas para estadias ocasionais, en desenvolvemento da modificación de Lei de arrendamentos urbanos de 2013, que causou fonda preocupación e rexeitamento por parte dos sectores afectados.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- No eido comercial, afóndase na liberalización, disfrazada de redución burocrática, pero que na realidade favorece o avance da concentración comercial e aniquilación do comercio tradicional e de proximidade. En concreto asúmese o criterio de limitar o control público das novas autorizacións comerciais, na liña do Real Decreto-Lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, ficando relegada a capacidade e intervir nas decisións de autorizacións comerciais para grandes superficies comerciais.

- Tamén revestido de simplificación administrativa, réstase capacidade de intervención aos concellos á hora de outorgar autorizacións mineiras, ao quitar o carácter vinculante dos informes municipais, o que supón un claro ataque á autonomía local e ás potestades de ordenación das actividades económicas dos concellos no seu territorio.

- Na mesma liña, tamén se devalúan os informes sectoriais na tramitación de planeamento urbanístico, ao transformar en positivo o silencio pola falta de emisión, podendo supoñer unha maior desprotección do patrimonio, do dominio público, etc. Evidentemente, isto non ten a ver coa axilidade administrativa, senón con favorecer a volta dun ordenamento territorial insensíbel coa defensa e conservación de valores ambientais ou patrimoniais esenciais.

Outros apartados do Proxecto de lei recepcionan a normativa estatal, xa en vigor desde hai máis tempo, o que fai máis inxustificábel o seu carácter urxente, pero sobre todo contribuirán a consolidar políticas legislativas prexudiciais para Galiza.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así, aprovéitase a regulación das licenzas audiovisuais, para conceder prórrogas irregulares a titulares de adxudicacións, feitas a través de concursos, do servizo de comunicación audiovisual en Galiza que reiteradamente incumpriron os seus compromisos. Emprégase a nova regulación audiovisual como trécola para obviar e deixar en papel mollado as normas que rexeron as adxudicacións de emisoras audiovisuais en Galiza, e favorecer a operadoras privadas incumpridoras, e non defender o interese público.

Por outra banda, tamén se aproveita para asumir na normativa galega orzamentaria e financeira a visión dogmática (case fanática) da doutrina do déficit cero, plasmada na reforma lexislativa sobre estabilidade orzamentaria impulsada polo Goberno central logo da reforma “expres” constitucional, feita sen participación nin consulta cidadá malia as súas nefastas consecuencias para asegurar servizos públicos básicos e dignos. O Goberno galego actúa acriticamente, limitándose a traspasar a normativa estatal, sen ter en conta os graves efectos que conleva a aplicación desa doutrina á xestión das contas públicas, ao situar como prioridade cumprir con escenarios económicos anuais e pagar prioritariamente a débeda, no canto de supeditar a política económica á recuperación económica e creación de emprego. Estamos a ver as consecuencias desa política, co estancamento da actividade económica e o mantemento de altos niveis de desemprego, e aínda así, este Goberno galego empéñase en darlle rango legal a unha política de estabilidade orzamentaria fracasada.

Tamén desde a perspectiva económica, as reformas tributarias constitúen en realidade un feixe inconexo de medidas con afán electoralista, mais que un exercicio coherente de aplicación da política tributaria ao servizo da redistribución, equidade e progresividade na imposición fiscal. Insístese así en aplicar deducións sen unha estratexia definida nin incardinada nunha política fiscal que reforce a aplicación de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

determinadas políticas sectoriais (natalidade, creación de emprego, etc). As medidas tributarias teñen, polo tanto, unha vontade máis propagandística, para dar cumprimento a promesas de curto alcance, que seren mecanismos para contribuír tamén desde o eido fiscal á realización de políticas públicas de interese para Galiza.

Finalmente, este carácter de lei inconexa, de caixón de xastre, tamén favorece a inclusión de medidas pola porta de atrás, que ben son discutíbeis e merecerían un debate específico, ou ben son claramente perniciosas para o interese público.

Entre as primeiras, está a inclusión da posibilidade de ampliación de casinos a través de salas auxiliares na mesma provincia, o que pode provocar a duplicación de casinos no noso país, en base a autorizacións emitidas hai tempo, e un impulso a unha actividade que pola contra tamén presenta contraindicacións polas repercusións negativas que leva asociadas, e son amplamente coñecidas, e que tamén está a ter unha ampla expansión coa recente legalización do xogo por internet.

Entre as segundas, atópase a anulación por parte da administración dunha parte substancial da autovía da Costa da Morte, cun alto custe para o erario público, cando en realidade hai incumprimentos reiterados na execución por parte da concesionaria que motivarían a penalización e extinción do contrato. Neste caso é un claro trato de favor a empresas incumpridoras, sendo ademais o colofón dunha errática planificación e programación dunha importante obra pública, atribuíbel en exclusiva a este Goberno galego, por empeñarse arbitrariamente, revogando decisións lexítimas, en facer un concurso de concesión de obra pública sen exixir garantías de solvencia e financiamento mínimo. A consecuencia deste fiasco, en



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

virtude da disposición que se introduce no proxecto de lei, vai ir a conta de todas as galegas e galegos no canto de pedir responsabilidades, en primeiro termo, ao consorcio adxudicatario incumpridor, e en segundo termo, aos responsábeis do goberno que idearon esta concurso que, como resultado final, vai privar dunha importante infraestrutura a unha comarca deprimida económica e socialmente do noso país.

Por todas estas razóns, a través desta emenda de totalidade, solicitamos a devolución do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.


Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 30/10/2014 17:27:16**



**De:** Comisión Mixta para la Unión Europea [<mailto:cmue@congreso.es>]

**Enviado el:** jueves, 30 de octubre de 2014 10:32

**Asunto:** Remisión a efectos del artículo 6.1 de la Ley 8/1994 [COM(2014) 666]

**Asunto:** Propuesta de DECISIÓN DEL CONSEJO relativa al régimen del impuesto del «arbitrio insular» en las regiones ultraperiféricas francesas [COM(2014) 666 final] [2014/0308 (CNS)] [COM(2014) 666 final/2 Anexo]

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: [cmue@congreso.es](mailto:cmue@congreso.es)

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA





COMISIÓN  
EUROPEA

<b>PARLAMENTO DE GALICIA</b> <b>REXISTRO XERAL ENTRADA</b>
<b>30 OUT. 2014</b>
Núm. <u>29617</u>

Bruselas, 29.10.2014  
COM(2014) 666 final

2014/0308 (CNS).

Propuesta de

**DECISIÓN DEL CONSEJO**

**relativa al régimen del impuesto del «arbitrio insular» en las regiones ultraperiféricas francesas**

**ES**

**ES**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### **1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA**

Las disposiciones del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea (TFUE) se aplican a las regiones ultraperiféricas de la Unión. No obstante, las regiones ultraperiféricas francesas están situadas fuera del ámbito de aplicación territorial de las Directivas sobre el IVA y los impuestos especiales.

En principio, las disposiciones del TFUE, y en particular su artículo 110, no autorizan ninguna diferencia a nivel impositivo en las regiones ultraperiféricas francesas entre los productos locales y los procedentes de la Francia metropolitana, de los demás Estados miembros o de terceros países. No obstante, el artículo 349 del TFUE (antiguo artículo 299, apartado 2, del Tratado CE) establece la posibilidad de introducir medidas específicas en favor de estas regiones ultraperiféricas como consecuencia de desventajas permanentes que repercuten en su situación económica y social. Estas medidas se refieren a distintas políticas, entre ellas, la política fiscal.

El impuesto del « arbitrio insular » es un impuesto indirecto que se aplica a los suministros y a las importaciones de bienes en las regiones ultraperiféricas francesas. En principio, se aplica del mismo modo tanto a los productos de fabricación local como a los procedentes de la Francia metropolitana, de los demás Estados miembros o de terceros países.

No obstante, la Decisión 2004/162/CE del Consejo, de 10 de febrero de 2004 (modificada por las Decisiones 2008/439/CE del Consejo, de 9 de junio de 2008, y 448/2011/UE del Consejo, de 19 de julio de 2011), adoptada de conformidad con el artículo 299, apartado 2, del Tratado CE, autoriza a Francia a establecer, hasta el 1 de julio de 2014, exenciones o reducciones del impuesto del « arbitrio insular » para determinados productos fabricados en las regiones ultraperiféricas francesas (excepto San Martín). En el anexo de dicha Decisión figura la lista de los productos a los que pueden aplicarse exenciones o reducciones de impuestos. En función del producto, el diferencial impositivo entre los productos de fabricación local y los demás no puede exceder los diez, veinte o treinta puntos porcentuales.

Estos diferenciales impositivos tienen por finalidad compensar las desventajas que sufren las regiones ultraperiféricas y que se traducen en un aumento de los costes de producción y, por lo tanto, del precio de coste de los productos de fabricación local. Si no se adoptaran medidas específicas, los productos locales serían menos competitivos que los procedentes del exterior, incluso teniendo en cuenta los gastos de transporte. Ello dificultaría el mantenimiento de una producción local, que tiene unos costes de producción más elevados.

La Decisión 2014/162/UE del Consejo, de 11 de marzo de 2014, amplía la aplicación de la Decisión 2004/162/CE del Consejo a Mayotte a partir del 1 de enero de 2014, fecha en la que Mayotte se convirtió en región ultraperiférica, y establece los productos que pueden ser objeto de una imposición diferenciada del arbitrio insular y los límites de la misma.

Por último, para permitir a la Comisión concluir la instrucción de la solicitud francesa, la Decisión 378/2014/UE del Consejo, de 12 de junio de 2014, prorrogó seis meses la aplicación de la Decisión 2004/162/CE del Consejo, hasta el 31 de diciembre de 2014 en lugar del 1 de julio de 2014.

La presente propuesta tiene por objeto prever el marco jurídico aplicable al impuesto del « arbitrio insular » a partir del 1 de enero de 2015 y hasta el 31 de diciembre de 2020. Prorroga de nuevo por seis meses la aplicación de la Decisión 2004/162/CE para brindar tiempo a Francia para incorporar las disposiciones de la nueva Decisión del Consejo al

Derecho nacional y prevé el nuevo marco jurídico aplicable entre el 1 de julio de 2015 y el 31 de diciembre de 2020.

## **2. RESULTADOS DE LAS CONSULTAS CON LAS PARTES INTERESADAS Y DE LAS EVALUACIONES DE IMPACTO**

La Decisión 2004/162/CE del Consejo, de 10 de febrero de 2004 (modificada por las Decisiones del Consejo 2008/439/CE, de 9 de junio de 2008, 448/2011/UE, de 19 de julio de 2011, 2014/162/UE, de 11 de marzo de 2014 y 378/2014/UE, de 12 de junio de 2014), autoriza a Francia a establecer, hasta el 31 de diciembre de 2014, exenciones o reducciones del impuesto del «arbitrio insular» para determinados productos fabricados en las regiones ultraperiféricas francesas (excepto San Martín). En el anexo de dicha Decisión figura la lista de los productos a los que pueden aplicarse exenciones o reducciones de impuestos. En función del producto, el diferencial impositivo entre los productos de fabricación local y los demás no puede exceder los diez, veinte o treinta puntos porcentuales.

La Decisión 2004/162/CE expone los motivos que han conducido a la adopción de medidas específicas: la lejanía, la dependencia con respecto a las materias primas y la energía, la obligación de constituir mayores existencias, la escasa dimensión del mercado local combinada con una actividad exportadora poco desarrollada, etc. Tomados en su conjunto, estos factores desfavorables provocan un aumento de los costes de producción y, por ende, del precio de coste de los productos de fabricación local, los cuales, de no establecerse medidas específicas, serían menos competitivos que los procedentes del exterior, incluso teniendo en cuenta los costes de transporte de estos últimos hacia los departamentos de ultramar. Todo ello dificultaría el mantenimiento de una producción local. Por tanto, la finalidad perseguida por las medidas específicas incluidas en la Decisión 2004/162/CE es la de consolidar la industria local, mejorando su competitividad.

Las autoridades francesas consideran que las desventajas que sufren sus regiones ultraperiféricas subsisten y han solicitado ante la Comisión Europea, en distintos escritos dirigidos a la misma entre el 25 de enero y el 7 de junio de 2013, el mantenimiento de un sistema de imposición diferenciada, similar al que existe actualmente, después del pasado el 1 de julio de 2014 y hasta el 31 de diciembre de 2020. Las autoridades francesas aducen que las desventajas enumeradas anteriormente tienen carácter permanente, que el régimen de imposición previsto en la Decisión 2004/162/CE del Consejo ha permitido mantener, y en algunos casos desarrollar, las producciones locales y no ha constituido una renta para las empresas beneficiarias en la medida en que, en términos generales, han seguido aumentando las importaciones de productos sometidos a una imposición diferenciada.

El examen de las listas de productos con respecto a los cuales las autoridades francesas desean aplicar diferencias impositivas ha requerido un trabajo prolongado a fin de verificar, para cada producto, la justificación de una diferenciación impositiva y su proporcionalidad, comprobando que dicha imposición diferenciada no pueda poner en peligro la integridad y coherencia del ordenamiento jurídico de la Unión, incluido el mercado interior y las políticas comunes.

Este trabajo ha sido muy largo dada la importancia del número de productos afectados (varios centenares) y la cantidad de información que hubo de recogerse, sobre la estructura del mercado de los productos afectados: existencia de una producción local, existencia de «importaciones» significativas (incluidas las de la Francia metropolitana y otros Estados miembros) que pudieran poner en peligro el mantenimiento de la producción local, ausencia de monopolio o cuasimonopolio de la producción local, justificación de los costes adicionales de producción que gravan los productos locales respecto a los productos «importados»,

verificación de la compatibilidad de una imposición diferenciada con las demás políticas de la Unión.

Por lo tanto, la falta de producción local sujeta al «arbitrio insular» hace innecesaria la inclusión de productos que puedan ser objeto de una imposición diferenciada en las listas. Por lo que se refiere a la definición de los productos de producción local, por regla general las partidas de la nomenclatura combinada utilizadas son las más precisas posible. No obstante, en algunos casos, cuando no ha sido posible obtener partidas arancelarias más precisas con más de cuatro dígitos y para productos que figuran en las listas actuales de productos que pueden ser objeto de imposición diferenciada, se han adoptado las partidas de cuatro dígitos de la nomenclatura aduanera. En tales casos, es posible que las partidas arancelarias de cuatro cifras seleccionadas cubran marginalmente productos para los que no existe producción local.

Por lo que respecta a la evaluación de los costes adicionales de producción que la imposición diferenciada debe compensar, las autoridades francesas han aportado, para cada producto, o grupo de productos cuando varios productos tienen costes de producción similares, una evaluación de los costes adicionales de producción soportados por las empresas locales, según el caso: costes de suministro, salarios, costes energéticos más elevados, costes financieros resultantes de tener mayores existencias, costes de mantenimiento más elevados, infrutilización de los equipos de producción y costes financieros más elevados. Se ha verificado que los costes adicionales calculados no eran inferiores al diferencial impositivo solicitado por las autoridades francesas.

